


# CROQUIS



**NA FEDERACIÓN DE CAZA,  
os teus intereses son os nosos.**

**¡Ven a coñecernos!  
estamos ó teu carón**

## XII

# CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAZA DE RAPOSO



**20 de Xaneiro de 2007**

**MONFERO – VILARMAIOR – PONTEDEUME – IRIXOA**  
TECOR EN TRANSFORMACIÓN C-10138 “LA MINA” E C-10049 “NOSA SRA DA CELA”  
TECOR C-10165 “XABARÍN DE PONTEDEUME” //TECOR C-10156 “STA M DE ALTO XESTOSO”  
TECOR C-10015 “VILARMAIOR-BAXOI-FRADIZ” // TECOR C-10107 “VAL XESTOSO”  
TECOR C-10082 “IRIXOA”

Organiza: FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA CORUÑA

Colaboran: **Soc. Caza Virxe da Cela de Monfero**  
**Soc. Caza Xabarín de Pontevedra**  
**Soc. Caza Sta. M. Alto Xestoso**  
**Soc. de Caza de Monfero**  
**Soc. de Caza Val Xestoso**  
**Soc. de Caza Alecrín de Irixoa**  
**Asoc. Cinexética A Becacina**  
**Asoc. Baxoi**

## COMITÉ ORGANIZADOR

D. MANUEL SAA CASARIEGO

Presidente da Federación Galega Caza na Coruña

D. ANDRES FEAL VARELA

Presidente da Sociedade de Cazadores Virxe da Cela de Monfero

DON JOSE ANDRÉS FREIRE ARES

Presidente da Sociedade de Cazadores "Xabarín" de Pontedeume

D. RAMON BLANCO FILGUEIRAS

Presidente da Sociedade de Caza "Sta. M. de Alto Xestoso"

D. JUAN VARELA VARELA

Presidente da Sociedade de Cazadores de Monfero

D. ANTONIO MAROÑO SOUTO

Presidente da Sociedade de Cazadores Val Xestoso

DON JUAN MANUEL FREIRE GOLPE

Presidente da Sociedade de Cazadores Alecrín de Irixoa

DON JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ RICO

Presidente da Asociación Cinexética A Becacina

DON JUAN M BAÑOBRE CASTRO

Presidente da Asociación Baxoi

## DIRECTOR DA PROBA

DON RAMÓN BERTO A SUÁREZ

DON CARLOS SANJURJO VIEITES

## XURADO DE COMPETICIÓN

Nomearase o mesmo día no lugar da proba

## SORTEO DE XUIGES E CAMPOS

O sorteo de Xuíces e Tecores realizarase o día 17 de xaneiro de 2007, ás 10 horas, na sede da Federación Galega de Caza na Coruña, en Carballo.

Os representantes das cuadrillas participantes deberán contactar coa Federación para coñecer-lo Tecor e o lugar de concentración que lles corresponda no sorteo. (Tlfnos. de contacto: 981702957, 981562777, E-mail: coruna@federaciongalegadedecaza.com). Na web [www.federaciongalegadedecaza.com](http://www.federaciongalegadedecaza.com) tamén se poderán consultar esta información.

O Sorteo do nº de zona realizarase o mesmo día no lugar de concentración.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa, se circunstancias excepcionais así o aconsellan.

## REGULAMENTO

Rexerase polo Regulamento de Caza Menor con Can da FEC e Normativa Complementaria de Competicións de Caza de Raposo da FGC.

## PROGRAMA

### DATAS E HORARIOS 20 de Xaneiro de 2007

**08,00 horas:** Concentración e entrega de documentación a Xuíces, Xefes de Cuadrilla e Guías nos seguintes lugares:

- Cuadrillas destinadas ao Tecor Vilarmaior-Baxoi-Fradiz: **Concentración na CASA AMADOR, enfronte ao Concello de Vilarmaior**
- Cuadrillas destinadas aos Tecores Xabarín de Pontedeume, "La Mina" e "Nosa Sra da Cela": **BAR REBORDELO, enfronte ao Concello de Monfero.**
- Cuadrillas destinadas aos Tecores Sta. M. Alto Xestoso, Val Xestoso e Alecrín de Irixoa: **BAR CARACAS, situado en Val Xestoso-Monfero**

**09,00 horas:** Comezo da competición.

**14,00 horas:** Remate da proba.

**15,00 horas:** Xantar de clausura e entrega de trofeos, no Restaurante "LOS MOLINOS", situado en Pontedeume (estrada de Monfero, km. 2 ).

## INSCRICIÓN

As inscricións poderanse realizar ata o día **16 de xaneiro de 2007**, na sede da Federación Galega de Caza na Coruña, (Gran Vía, 216 de Carballo, Tfno: 981702957 Fax.: 981755074), Federación Galega de Caza (Estadio Multiusos de S. Lázaro, P-12 en Santiago, Tfno. 981562777, Fax 981562779), ou a través de e-mail: [coruna@federaciongalegadedecaza.com](mailto:coruna@federaciongalegadedecaza.com), debendo en todo caso confirmar coa Federación a recepción do correspondente e-mail.

**Para formaliza-la inscrición deberá de presentarse a folia de inscrición debidamente cumprimentada, o xustificante bancario de realiza-lo ingreso, e o teléfono de contacto do representante da cuadrilla.**

**PREZO DE INSCRICIÓN:** 30 euros/cazador (xantar incluído), que poderá abonarse en calquera das seguintes Entidades Bancarias:  
**CAIXANOVA:** C/C nº 2080-0482-94-0040103253  
**CAIXA GALICIA:** C/C nº 2091-0093-23-3040004229

As cuadrillas estarán formadas por 9 cazadores e 1 xuíz. O número de cans por cuadrilla será mínimo de 2 máximo de 10.

**A inscrición pecharase no momento de cubri-lo cupo.**  
Clasificaranse para o Campionato Galego os 4 primeiros equipos clasificados.